

Violencia simbólica, violencia real: a cultura que nos agrede

Martín Lucas, Belén

Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá

Universidade de Vigo

bmartin@uvigo.es

RESUMO. A persistencia dos valores sexistas patriarcais no pensamento hexemónico das nosas sociedades explica a continuidade nas agresións ás mulleres e nenas a pesar das medidas policiais e xudiciais contra a violencia de xénero. A violencia sexista ten moitas formas e manifestacións, pero todas elas teñen a súa orixe no pensamento patriarcal, e por isto a única prevención da violencia física e psicolóxica de xénero eficaz é a concienciación da sociedade no pensamento feminista. Este artigo analiza a violencia simbólica en diversos medios culturais—literatura, publicidade, cine, vídeos musicais, artes plásticas—, ofrecendo exemplos de intervencións feministas que expoñen os valores misóxinos que nos arrodean. Estes exemplos son meros indicios representativos do insidioso traballo de concienciación na submisión que recibimos deseguido, desde a invisibilización da nosa presenza na linguaxe até a representación pornográfica violenta nos vídeos musicais, pasando polas representacións tradicionalmente sexistas no cinema, a publicidade ou a literatura. A principal premisa no artigo é que a interiorización dos modelos de xénero sexistas transmitidos nas manifestacións culturais dominantes constitúe en si mesma un importante factor de risco. A análise de textos escritos e visuais revela o fortísimo enraizamento dos valores misóxinos na cultura, que están a revivir un forte rexurdimento co movemento neoliberal consumista da globalización. O idealizado retorno ao espazo doméstico e á maternidade promovido na cultura resulta moi eficaz para o desmantelamento dun estado de benestar do que as principais beneficiarias son as mulleres, e que vaia acompañado dun aumento de vítimas de violencia de xénero non sorprende cando se mira o mundo con lentes violetas. Cómpre desenmascarar os mitos posfeministas para erradicar a violencia e construír unha sociedade igualitaria.

PALABRAS CLAVE: violencia simbólica, cultura, hexemonía, patriarcado, feminismo

1. – Introducción¹

As raíces ideolóxicas da violencia contra as mulleres atópanse nos inicios mesmos do patriarcado e por iso podemos atopar numerosos exemplos de infravaloración das mulleres nos mitos clásicos, nos textos relixiosos, e nos tratados filosóficos de todos os tempos e lugares. A violencia sexista ten moitas formas e manifestacións, pero todas elas teñen a súa orixe, evidentemente, na ideoloxía patriarcal. Polo tanto, un punto clave da intervención para a prevención da violencia física e psicolóxica de xénero é a concienciación da sociedade no pensamento feminista. Mirando o número de asasinatos e agresións diarias ás mulleres e nenas, resulta moi evidente que as medidas policiais e xudiciais contra a violencia de xénero son insuficientes para eliminar as agresións debido, fundamentalmente, á persistencia dos valores sexistas patriarcais no imaxinario hexemónico das nosas sociedades.²

Os informes expertos das diversas comisións e observatorios que investigan esta violencia identifican o marco simbólico e as representacións das mulleres nos medios de comunicación como causas principais polas que aínda non se produciron os desexados cambios de modelos nas relacións entre mulleres e homes, a pesar da notable transformación no discurso público sobre esta cuestión, e especialmente no ámbito lexislativo.³ A interiorización dos modelos de xénero sexistas transmitidos nas manifestacións culturais dominantes constitúe en si mesma un importante factor de risco. A dificultade da prevención da violencia sexista atópase precisamente no fortísimo enraizamento dos valores misóxinicos na cultura, que están a revivir un forte rexurdimento co movemento neoliberal consumista que promove unha nostalgia polos felices anos 50 como modelo de suma felicidade para as mulleres nun idílico retorno ao espazo doméstico moi eficaz para o desmantelamento dun estado de benestar das que principais beneficiarias son as mulleres. A lóxica de que o retorno ao doméstico fomenta un aumento da violencia de xénero lévanos a non asombrarnos de que a chamada “lacra social” non só non decrece, senón que se incrementa nas novas xeracións, que medran sometidas a unha violencia simbólica constante, cotiá, persistente e cada vez máis naturalizada entre a mocidade. Cómpre polo tanto realizar unha exhaustiva análise da cultura contemporánea para desvelar estas violencias e propor intervencións na transmisión de valores. Dende o Feminario de Investigación Feministas e Resistencias da U. de Vigo, temos contribuído a esta análise en diversas publicacións, e continuamos na actualidade avanzando nestas liñas de traballo, ás veces de xeito individual e outras colectivamente.

1 Este artigo retoma algúns dos resultados do proxecto de investigación “Violencias ‘invisibles’: Intervencións feministas fronte á violencia estrutural e simbólica na cultura patriarcal”, recollidos inicialmente no libro *Violencias (in)visibles* (Martín Lucas 2010) e máis no volume 5 da serie Estudos Feministas editada pola Cátedra Novacaixagalicia de Estudos Feministas da Universidade de Vigo (Bello et al 2011). Inclúense aquí novas reflexións e outras consideracións sobre a violencia simbólica non recollidas nesas publicacións. Agradezo a Teresa Bermúdez Montes e Guillermo Iglesias Díaz a revisión lingüística e suxestións de mellora deste artigo.

2 Ver a breve definición de “hexemonía” na Base de datos do Dicionario de Termos Literarios do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, en liña.

3 Ver, por exemplo, os informes da Comisión para la Investigación de Malos Tratos a Mujeres (2005) ou o do Ministerio de Igualdad (2008).

Partimos da premisa de que a orde simbólica da representación é un substrato moi real que sostén, xustifica e promove as violencias físicas e psicolóxicas contra as mulleres. Consideramos que a invisibilización das mulleres na linguaxe normativa (que é sexista), a súa infravaloración, invisibilización e cousificación nas representacións artísticas, audiovisuais e literarias contribúen en gran medida á anulación da autoestima das mulleres a nivel individual e colectivo, así como á interiorización de patróns de dominación e violencia por parte dos homes. A exposición reiterada á ideoloxía patriarcal é de seu unha agresión violenta contra as mulleres. O noso traballo dirxese cara a dous obxectivos principais: por unha banda, dar visibilidade a esa insidiosa violencia persistente e cotiá que perpetúa e afianza as representacións misóxinicas case en cada acto das nosas vidas, comezando pola propia linguaxe que utilizamos para expresarnos. Pola outra, dar a coñecer o traballo das mulleres nestes campos creativos desde perspectivas feministas e analizar as súas intervencións nos diversos ámbitos artísticos cara á construción dunha cultura igualitaria.

2. – A representación textual

O noso é un equipo investigador con persoal principalmente da Facultade de Filoloxía e Tradución, polo que non é sorprendente que gran parte do noso traballo se ocupe da representación das mulleres mediante a palabra.

Para nós é un obxectivo principal a implantación dunha linguaxe inclusiva no canto da actual normativa sexista, porque quizais sexa esta a violencia simbólica máis cotiá e persistente, posto que ocorre practicamente en cada acto de comunicación lingüística. A linguaxe ten importancia crucial na configuración da identidade das mulleres e na súa construción significativa, porque a negación da “existencia simbólica” na lingua (Jaramillo Guijarro 2013: 43) está a invisibilizar a nosa presenza e acción no mundo. A linguaxe constrúe a realidade: a través dela créase e transmítese o pensamento e a cultura, pero tamén se constrúe a identidade dos grupos sociais e das persoas. Para moitas persoas, o chamado “masculino xenérico” é simplemente unha norma gramatical, sen ideoloxía nin sesgo discriminatorio algún (son os usos da linguaxe, manteñen estas voces, as que incurrir en sexismo, pero non as normas lingüísticas, que son “neutras”). Para nós, como para tantas e tantas outras persoas, é un instrumento poderoso do femicidio, porque a supresión da existencia simbólica facilita a supresión da existencia material tamén. Como indica Concepción Jaramillo, “es necesario nombrar la diferencia sexual para hacer impensable la violencia contra las mujeres. Hacemos impensable esta violencia siempre que creamos y utilizamos palabras que representan una relación entre los sexos de diferencia y no de desigualdad” (2013: 62). Por encargo da Unidade de Igualdade da UVigo elaboramos xunto con outras colegas da Facultade e a nosa colaboradora no Feminario Olga Castro Vázquez—agora profesora na Aston University (Birmingham)— o *Manual de linguaxe inclusiva para o ámbito universitario* (Bringas et al, 2012), dispoñible gratuitamente na web da Unidade de Igualdade, e algunhas participamos como docentes nun curso de innovación educativa sobre o mesmo tema. Un exemplo obvio da contradición respecto da violencia de xénero entre o discurso pú-

blico e os actos atopámola nos medios de comunicación: se realmente tivesen a preocupación que declaran pola que denominan "lacra social" da violencia machista, modificarían de inmediato a linguaxe que empregan. Na súa achega á linguaxe nos medios de comunicación no volume **Violencias (in)visibles**, Olga Castro Vázquez subliña a importancia dos medios de comunicación na creación, transmisión e consolidación de actitudes e comportamentos sociais, xa que no contexto globalizado de hoxe constitúen o principal vehículo de transmisión de coñecemento e xeración de identidades, por enriba xa doutros axentes socializadores como a familia, a escola ou as amizades. A súa análise da linguaxe empregada nos medios amosa cómo continúan a afianzar aínda máis uns papeis de xénero que infravaloran, invisibilizan, erotizan, sexualizan, infantilizan ou ocultan a capacidade de acción das mulleres. Como exemplo, Castro ofrécenos este texto do teletexto de TVE que evidencia a cousificación das mulleres falando dun partido de baloncesto: "las rusas, rubísimas y guapísimas, por cierto" (Castro 2010: 104).

Outros campos nos que abordamos a violencia simbólica na representación textual son os da tradución en Galicia e a literatura, tanto en galego coma en inglés. María Reimóndez e Olga Castro ocúpense primordialmente do eido da cultura galega, analizando a circulación e recepción dos textos de autoras tanto traducidos como orixinais en lingua galega. Denuncian na súa prolífica produción, entre outras violencias: a invisibilidade das contribucións de mulleres galegas á teoría da tradución; que a elección de textos literarios a traducir segue un marcado criterio androcéntrico, tanto na tradución doutras literaturas cara ao galego, como do galego a outras linguas (véxanse, por exemplo, os títulos recollidos na web "Pórtico of Galician Literature"); que na tradución hai unha tendencia conservadora que fai incorrer en sexismo e androcentrismo mesmo naqueles casos nos que o texto orixinal non incorría en absoluto nesa visión patriarcal (por exemplo, coa tradución mecánica dos neutros do inglés como masculinos xenéricos no galego). Ambas abordaron dende distintas perspectivas o caso da tradución de María Reimóndez da novela de Mark Haddon *O curioso incidente do can á media noite* que provocou unha grande polémica nos medios co enfrontamento entre a tradutora e o editor Moisés Barcia, de Rinoceronte Editora (Salgado 2008), e que Castro describiu como un conflito ideolóxico entre patriarcalo e feminismo (Castro 2009; ver tamén Reimóndez 2009). Dende o punto de vista da crítica literaria, Reimóndez (2010) analizou tamén as violencias da crítica patriarcal ás escritoras galegas nas valoracións que se fan tanto da obra como das propias autoras nos medios de comunicación e como chegan a constituir patróns de exclusión e discriminación que están na base do imaxinario da violencia. Reimóndez creou, xunto con outras compañeiras, a plataforma online de crítica literaria "A Segra" para a publicación de recensións feministas non académicas sobre literatura de autoras galegas.

A crítica literaria, ben nas aulas ben en publicacións ou congresos, é a liña de acción na que nos movemos a maior parte do Feminario. Moitas de nós estudamos a representación do corpo non normativo nas literaturas en inglés, dende perspectivas feministas poscoloniais. Ana Bringas e mais eu temos coincidido en estudar a interacción da violencia de estado e a violencia de xénero en distintos contextos. Aínda que a súa contribución neste volume se ocupa da explotación da imaxe das mulleres negras na publicidade, dentro do proxecto "Violencias Invisibles" Ana Bringas estudou tamén a representación da violencia sexual contra as mulleres na Sudáfrica

post-apartheid, explorando as conexións entre a violencia contra as mulleres e as crianzas, de proporcións epidémicas, e o legado de séculos de colonialismo e segregación racial no país africano. Para isto empregou a novela *The Writing Circle* da escritora Rozena Maart (2007) como vehículo de denuncia e vindicación dunha política feminista de visibilización da violencia sexual contra as mulleres en Sudáfrica, onde a Comisión para a Verdade e a Reconciliación non lles fixo xustiza ás vítimas da violencia sexual durante o apartheid, xa que a violación non se contemplou como un delito.

Os meus traballos estudan tamén a violencia real sobre os corpos das mulleres como consecuencia efectiva da utilización simbólica da muller, centrándome especialmente no tropo da terra nai para analizar a representación da violación como crime de guerra en textos literarios sobre zonas en conflito, en relación coas teorías feministas sobre o nacionalismo patriarcal. A violencia sexual exercida sobre as mulleres en tempos de guerra é unha consecuencia clara da conceptualización da nación en feminino e da cousificación da muller na metáfora que a simboliza, pola que a muller violada vén representar a nación invadida. Como Shana Swiss e Joan E. Giller nos recordan (1993: 612), a literatura sobre a violación das mulleres durante a guerra data da Grecia antiga. O rapto de Helena de Troia e a violación comunal das Sabinas son arquetipos da cultura occidental, tanto así que na historia da arte chámase "violación heroica"⁴ a este motivo artístico, e a traxedia humana de cada unha destas mulleres pasa totalmente desapercibida. Asímesa así que a violación é parte 'natural' da lóxica da guerra. Son moitas as autoras que sosteñen que a violación é unha estratexia de guerra eficaz porque constitúe un asalto ao individuo feminino mais tamén á súa familia e comunidade. Ademais de como un intento de dominar, humillar, e controlar o comportamento das mulleres, a violación en guerra empregase tamén para neutralizar o inimigo, destruíndo os lazos de familia e da sociedade. Susan Brownmiller explicou hai xa tempo os mecanismos de traballo que actúan na esfera simbólica dunha nación a través de corpos de mulleres reais: "Nun só acto de agresión, o espírito colectivo das mulleres e da nación queda destruído, deixando unha lembranza que permanece moito despois de que as tropas marchen. E se ela sobrevive a agresión, en que se converte unha vítima de violación de guerra para o seu pobo?" (1993: 37; tradución miña). É por isto que os efectos de longa duración desta estratexia de guerra impiden a recuperación da "normalidade" despois do cese da loita armada. Os textos literarios que eu analicei reclaman a atención sobre a violación dos dereitos de nenas e mulleres como unha consecuencia directa da dialéctica dos nacionalismos patriarcal e o concepto da nai-patria. Para min, esta é a lóxica na que se basea toda a violencia contra as mulleres: que a non-existencia simbólica e a existencia marxinal e maltratada ten consecuencias reais e moi graves para a nosa seguridade.

3. – Representacións visuais

Outro dos grandes eidos de estudo abordados foi a análise dos estereotipos sexistas máis asentados nas artes visuais, con especial atención á representación das mulleres no cinema, nos vídeos musicais, a publicidade, as artes plásticas, e a súa contribución ao fomento das agresións contra as mulleres.

4 A propia expresión "violación heroica" é un bó exemplo de violencia simbólica na linguaxe.

No eido das artes plásticas, Aida Rosende Pérez estudou as intervencións feministas na República de Irlanda que intentan dismantelar e contradicir tanto os discursos dominantes da cultura católica sobre a sexualidade das mulleres coma o seu papel simbólico como representación da nación. A análise de Rosende Pérez (2010) afonda nas violencias exercidas a través das representacións patriarcais do corpo feminino, centrándose tamén no uso do corpo feminino como imaxe da nai patria, estreitamente vinculada no caso irlandés coa imaxe católica da virxe-nai María. Estas imaxes femininas sustentan ideoloxías retrógradas que relegan ás mulleres confinadas na esfera doméstica nos seus roles máis tradicionais (fillas virxinais, esposas obedientes e nais abnegadas), analizados por Guillermo Iglesias na súa achega ao cinema irlandés dentro do mesmo proxecto (Iglesias 2013). O caso irlandés resúltanos de especial utilidade dado o seu paralelismo coa situación no estado español e quizás máis gravemente en Galicia, coa que se ten comparado en numerosas ocasións. O retroceso nos dereitos das mulleres que estamos a sufrir no noso país ten lamentablemente puntos comúns cos debates sobre o aborto (e antes co divorcio) polos que pasaron tamén en Irlanda. Os vellos debates dos anos 70 e 80 que xa pensabamos superados reaparecen no século XXI, e as intervencións dende o ámbito cultural fanse tamén de novo urxentes. Na súa análise da película dirixida por Mike Leigh *Vera Drake* (2004), Guillermo Iglesias (2010) chama a atención sobre as nefastas consecuencias para a saúde das mulleres da ilegalización do aborto, claro exemplo da violencia exercida contra as mulleres dende o propio estado.

As respostas creativas da selección de artistas contemporáneas estudadas no proxecto—entre elas, Amanda Coogan, Kathy Prendergast ou Rita Duffy—contestan tanto esas representacións como a invisibilidade das violencias que xeran, e mostran claramente unha intensa experimentación na procura de novas estratexias de representación do corpo feminino dende perspectivas feministas (Rosende 2010). Entre estas, a subversión e re/invenção da iconografía feminina tradicional (e patriarcal); a denuncia do imaxinario nacional que establece a opresiva ecuación nación-muller; ou a exposición das marcas/cicatrices que o patriarcado vai deixando nos corpos das mulleres, tanto literais coma metafóricas.

Estas intervencións artísticas poñen en evidencia que, a pesar da profunda transformación social respecto aos discursos públicos sobre a violencia de xénero, as representacións canónicas dos corpos femininos responden invariablemente á lóxica das estruturas patriarcais e a unha mirada falocéntrica que exerce a violencia sobre os nosos corpos e subxectividades. No século XXI, que se proclama “posfeminista” (que non debe confundirse co feminismo postestructuralista ou o feminismo poscolonial que a miúdo tamén se chaman postfeminismo na bibliografía especializada),⁵ é imprescindible incidir de novo no cuestionamento crítico das imaxes normativas dos corpos das mulleres.

Como mostra do grao de violencia simbólica que reciben as novas xeracións, tan só algunhas imaxes dos vídeos musicais de pop e/ou rap analizados por Jeannette Bello dentro do mesmo

⁵ Manteño a grafía diferenciada “posfeminismo” e “*postfeminismo*” para indicar os distintos conceptos aos que me refiro: “posfeminismo” indica cronoloxía (despois do feminismo), mentras que “*postfeminismo*” refírese ao movemento teórico do feminismo postestructuralista ou poscolonial.

proxecto poden servir. A hipersexualización das cantantes nestes ámbitos musicais é máis que evidente nos vídeos, que reproducen discursos pornográficos nos canais audiovisuais de masas. Para as cantantes, resulta practicamente imposible acadar o éxito sen entrar neste xogo da pseudo-pornografía no que Lady Gaga e a súa antecesora Madonna son estrelas imitadas. O discurso posfeminista neoliberal que subxace mantén que o valor da muller reside na súa sexualidade, e a novidade respecto do vello machismo é a aceptación voluntaria e consciente deste rol social e o lucro capitalista que conleva: un malentendido empoderamento, xa que o poder que a muller obtén mediante a súa sexualidade non é máis que unha concesión temporal por parte do patriarca e baixo as súas propias condicións. O poder capitalista destas famosas estrelas fai moito dano nas psiques femininas que, como estamos a ver, interiorizan estes modelos sociais e aceptan a súa propia cousificación.

A denigración sexista das mulleres é especialmente intensa no caso do rap, no que as mulleres negras aparecen unha e outra vez en narracións con homes protagonistas que se definen a si mesmos como chulos e presumen de poder mercar os corpos das mulleres, mentres que elas semellan aceptar gustosamente a transacción económica, recompensa á súa submisión (Bello 2010). A análise destes vídeos expón claramente a confluencia do patriarcado e o capitalismo no contexto de globalización neoliberal no que vivimos, e o lamentable retroceso que estas ideoloxías supoñen para as mulleres xa que, contrariamente ao discurso de empoderamento que desexan transmitir na súa cara máis amable, en realidade promoven modelos de feminidade prefeminista que de feito fomentan o femicidio. Son estes modelos que a mocidade actual recibe nas súas pantallas cada día, e na fascinación da mocidade polas novas tecnoloxías e a predominancia do medio audiovisual nas súas vidas é innecesario incidir, son evidentes.

4. – Conclusións

A violencia física de xénero, que con demasiada frecuencia chega ao asasinato, é a manifestación máis extrema dun *continuum* de violencia que facilmente se pode detectar mediante a análise feminista das estruturas simbólicas nas que nos movemos. A ideoloxía patriarcal é hexemónica no sentido gramsciano, é dicir, precisa do consentimento da oprimida para poder dominar. Ese consentimento tan só é posible se nos fan crer que este sistema é bo para nós, que é o que desexamos e que é “o natural”, e a cultura é o mecanismo que “naturaliza” iso que se da en chamar “o sentido común”, que é o menos común dos sentidos. O corpus da teoría feminista e o seu aparato crítico teñen desvelado o funcionamento deste mecanismo, chamando a atención sobre a transmisión dos valores sexistas nos diversos ámbitos de produción cultural. Como os exemplos presentados ao longo deste artigo demostran, o imaxinario colectivo das sociedades patriarcais é sexista e violento, e cómpre actuar para romper co consentimento na submisión. Estes exemplos son meros indicios representativos do insidioso traballo de concienciación na submisión que recibimos deseguido, desde a invisibilización da nosa presenza na linguaxe até a representación pornográfica violenta nos vídeos musicais, pasando polas representacións tradicionalmente sexistas no cinema, a publicidade ou a literatura. Como

vemos, a violencia simbólica sustenta firmemente a violencia física e o exterminio final das mulleres individualmente e como grupo social. Mentres a violencia simbólica non se tome en serio, seguiremos a ver medrar a lista de mulleres insultadas, golpeadas, e asasinadas, e continuaremos a escoitar falar desa "terrible lacra social". Non debemos aceptar o discurso que fala dos agresores como excepcións, nunha sociedade idilicamente posfeminista: simplemente son bos fillos do patriarcado que actúan seguindo obedientemente os valores sociais aprendidos nunha contorna misóxina. Contamos coas ferramentas para desenmascarar o sexismo, cunha cultura feminista que presenta outras alternativas e imaxina outras formas de vivir en sociedade e nos fornece de estratexias de subversión e empoderamento, entendendo este último non no sentido ultracapitalista do posfeminismo comentado anteriormente, senón como o fai Beatriz Suárez Briones, como un empoderamento "poder-con e poder-para, nunca poder-sobre": "Significa facultarse, autorizarse, habilitarse os suxeitos e os colectivos inferiorizados; habilitámonos, é dicir, capacitámonos, sentímonos e sermos capaces; ter a facultade e o poder de facer cousas e de vivir con autoridade, é dicir, sendo valoradas e recoñecidas como suxeitos con axencia" (2014, en liña). Para acadar este obxectivo, é xa hora de pór as lentes violetas (Varela 2005) e mirar a nosa cultura a través dos seus cristais.

Bibliografía

A sega. Plataforma de crítica literaria. <http://www.asega-critica.net/>. Consultado 13/07/14.

Bello Mota, Jeannette, et al (2011). "Violencias 'invisibles': Intervencións feministas fronte á violencia estrutural e simbólica na cultura patriarcal", en *Cátedra Novacaixagalicia de Estudos Feministas*, vol. 5. Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, Ourense, 167-205.

Bello Mota, Jeannette (2010). "Representaciones femeninas en los vídeos musicales de rap estadounidense: hipervisibilidad e hipersexualización de los cuerpos de mujer", en Martín Lucas, Belén: *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona, 139-160.

Bringas López, Ana, et al. (2012). *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*. Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, Vigo.

Brownmiller, Susan (1993). "Making Female Bodies the Battlefield", *Newsweek*, 4 enero, 37.

Castro Vázquez, Olga (2010). "La otra violencia de los medios de comunicación: una aproximación a la construcción discursiva de las relaciones de género", en Martín Lucas, Belén: *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona, 91-113.

Castro Vázquez, Olga (2009). "El género (para)traducido: pugna ideológica en la traducción y paratraducción de *O curioso incidente do can á media noite*". *Quaderns*, No. 16, 251-264.

Comisión para la Investigación de Malos Tratos a Mujeres (2005). *La violencia de género en las mujeres jóvenes*, 30 de noviembre Madrid. http://www.audem.com/documentos/informe_menores.pdf. Consultado: 10/07/2014.

Haddon, Mark (2004). *The Curious Incident of the Dog in the Night-Time*. Vintage, Londres.

"Hexemonía". Base de datos do Dicionario de Termos Literarios. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. http://www.cirp.es/pls/bal2/f?p=106:10:8855792983922455602:::P10_TERMO,P10_TIPO:hexemon%C3%ADa,termo.23_xullo.2014.

Iglesias Díaz, Guillermo (2013). "Contemporary Re-constructions of Family Life in Irish Films", en Pusse, Tina-Karen e Katharina Walter, eds.: *Doing Family: Precarious Parenthood and the Performativity of Family* Berlin, LIT Verlag, Viena e Londres, 169-182.

Iglesias Díaz, Guillermo (2010). "Violencia (in)visible: posiciones discursivas de las mujeres en el cine. *Vera Drake: Madre. Esposa. Asesina*", en Martín Lucas, Belén: *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona, 177-197.

Jaramillo Guijarro, M^a Concepción (2013). "Recursos simbólicos para prevenir la violencia". *Tomar en serio a las niñas*, en Henández Morales, Graciela, Concepción Jaramillo Guijarro e María Jesús Cerviño Saavedra: Instituto de la Mujer, Madrid, 39-63.

Leigh, Mike, dir. (2004). *Vera Drake: Madre. Esposa. Asesina*. Thin Man Films-Les Films Alain Sarde-Film Council-Inside Track Productions-Ingenuous Film Partners, Francia-Reino Unido-Nueva Zelanda.

Maart, Rozema (2007). *The Writing Circle*.: TSAR, Toronto.

Martín Lucas, Belén, ed. (2010). *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona.

Ministerio de Igualdad (2008). *Informe Ejecutivo de la Evaluación de la aplicación de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género*, <http://www.migualdad.es>. Consultado: 10/07/2014.

Pórtico of Galician Books. <http://www.galicianliterature.com/books-in-english>. Consultado 14/07/2014.

Reimóndez Meilán, María (2009). "The Curious Incident of Feminist Translation in Galicia: Courtcases, Lies and Gendern@tions", *Galicia 21*. http://www.galicia21journal.org/A/pdf/galicia21_6_reimondez.pdf. Consultado 12/07/14.

Reimóndez Meilán, María (2010). "Extranjera en su patria. El destierro de las escritoras gallegas",

A linguaxe como medio de violencia simbólica no deporte

López-Villar, Cristina; Pérez, Andrea; Diéguez, Noelia; Castro, Marina; Carballo, Lara e Campaña, Fátima

cristina.lopezv@udc.es

Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte. Universidade de A Coruña

RESUMO. En todas as sociedades machistas a linguaxe ten un papel fundamental na discriminación das mulleres, configurándose como un instrumento de dominación e lexitimador da violencia simbólica.

O obxectivo deste estudo foi analizar se as estudantes de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña reciben frases ao longo da súa carreira deportiva que reflicten a dominación e reprodución dun modelo social discriminatorio.

A metodoloxía empregada inscríbese baixo o paradigma cualitativo e feminista, facendo uso da análise de contido como técnica de investigación. Para a recompilación de datos empregouse unha ficha de rexistro anecdótico que se aplicou a corenta alumnas e un grupo de discusión con cinco estudantes.

Os resultados permítenos concluir que a linguaxe é un medio máis de violencia simbólica no deporte, que perpetúa un sistema de dominación masculina a través da transmisión dunha visión de inferioridade das mulleres, que menospreza a súa práctica e establece como ideal o deporte masculino. Non se acepta que unha muller poida ser superior a un home en situacións deportivas mixtas e danse casos nos que, a través da linguaxe, se chega a incitar á violencia física e sexual.

1. – O deporte e a violencia sobre as mulleres

Existen suficientes evidencias científicas que demostran a relación entre o deporte e a violencia sobre as mulleres desde diferentes perspectivas. Un exemplo é o incremento da violencia física directa sobre as mulleres durante a celebración de grandes espectáculos deportivos ou o tráfico de mulleres para prostituíse con motivo destes grandes eventos (Hennig et al. 2006; The Future Group, 2007).

Un número importante de investigacións, a maioría realizadas en EE.UU e Canadá, suxire que os atletas homes teñen máis afinidade por cometer actos de violencia sexual contra as mulleres

en Martín Lucas, Belén: *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona.69-89.

Rosende Pérez, Aida (2010). "Representar la violencia/ violentar la representación: cuerpos (in) visibles en la obra de artistas irlandesas contemporáneas", en Martín Lucas, Belén: *Violencias (In)visibles: intervenciones feministas frente a la violencia patriarcal*, Icaria, Barcelona.197-218.

Salgado, Daniel (2008). "María Reimóndez acusa a una editorial de 'traducción sexista'". El País, 2 abril. http://www.elpais.com/articulo/Galicia/Maria/Reimondez/acusa/editorial/traduccion/sexista/elpepiatgal/20080402elpgal_18/Tes. Consultado 15/07/14.

Suárez Briones, Beatriz. "Empoderamento é poder-con e poder-para, nunca poder-sobre". *Sermos Galiza*, 19 de xullo de 2014. <http://www.sermosgaliza.com/opinion/beatriz-suarez-briones/empoderamento-poder-con-poder-para-nunca-poder-sobre/20140718003206029244.html>. Consultado 23/07/14.

Swiss, Shana and Joan E. Giller (1993). "Rape as a Crime of War. A Medical Perspective", *Journal of the American Medical Association* Vol. 270 no. 5, 612-615.

Varela, Nuria (2005). *Feminismo para principiantes*. Ediciones B, Barcelona.